

Resolución do 15 de outubro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establecen as bases para a convocatoria do Programa para o Impulso de Centros Referentes na modalidade de Proxectos InnoVA-Lab dirixido aos centros docentes públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para o curso 2024/25.

Co fin de enfrontar os desafíos do século XXI, a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, que modifica a Lei Orgánica 2/2006 de educación, introduce obxectivos fundamentais para transformar o sistema educativo. Este marco legislativo busca garantir o éxito educativo de todo o alumnado mediante a mellora continua dos centros educativos e a personalización da aprendizaxe, promovendo a investigación, a experimentación e a innovación.

A autonomía dos centros educativos é esencial para estas iniciativas. As Administracións educativas deben proporcionar os recursos necesarios para implementar e avaliar proxectos educativos innovadores. En Galicia, a concreción curricular abarca dende a Educación Infantil ata o Bacharelato, establecida nos seguintes decretos: Decreto 150/2022, do 8 de setembro (Currículo de Educación Infantil); Decreto 155/2022, do 15 de setembro (Currículo de Educación Primaria); Decreto 156/2022, do 15 de setembro (Currículo de Educación Secundaria Obrigatoria); Decreto 157/2022, do 15 de setembro (Currículo de Bacharelato); e a Orde do 13 de febreiro de 2023 (Currículo das materias optativas de Bacharelato).

O Plan de Mellora Educativa de Galicia (Plan MEGA), dirixido a centros docentes públicos de educación infantil, primaria e secundaria dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional para os cursos 2024-25, 2025-26, 2026-27 e 2027-28 establece unhas medidas estruturais destinadas á mellora da calidade educativa, ao incremento do nivel das competencias básicas adquiridas polo alumnado e á mellora da atención educativa para o alumnado con necesidades educativas especiais. Ademais, o Plan MEGA acolle o Programa para o Impulso de Centros Referentes, que convida os centros a desenvolveren proxectos educativos e a promoveren prácticas e metodoloxías que os convertan en centros de referencia e exemplo de boas prácticas dentro dos contextos da inclusión e a innovación educativa.

Ao abeiro do Plan MEGA e partindo do Programa para o Impulso de Centros Referentes desenvólvese o programa InnoVA-Lab, que busca mellorar os centros escolares mediante a implementación de proxectos de innovación educativa, enfocándose na mellora da competencia matemática e da comprensión lectora, na internacionalización do alumnado e



mais na sostibilidade. Para logralo, os centros educativos participantes promoverán métodos de ensino dinámicos e innovadores a fin de mellorar os resultados académicos da competencia matemática. Do mesmo xeito, propiciarán a implementación de estratexias que redunden nunha mellora da comprensión lectora do alumnado. Por outra banda, a internacionalización fomentárase a través de intercambios estudiantís e proxectos colaborativos con escolas doutros países, o que mellorará as habilidades lingüísticas e proporcionará unha comprensión máis ampla do mundo. Por último, cómpre que os centros educativos promovan prácticas sostibles para concienciar o alumnado da necesidade dun comportamento respectuoso co medio ambiente.

Este enfoque integral pretende involucrar toda a comunidade educativa –estudantes, profesores, familias e comunidade local– para fomentar comportamentos responsables e comprometidos cun futuro sostible. Ao promover unha educación que vaia alén das aulas, Innova-Lab busca desenvolver ao máximo as potencialidades de cada estudante, garantindo unha educación de calidade que contribúa á mellora do sistema educativo galego no seu conxunto.

De acordo co exposto anteriormente, esta Dirección Xeral,

RESOLVE:

Apartado 1. Obxecto

Esta Resolución ten por obxecto regular o programa Innova-Lab e establecer as condicións para que os centros educativos públicos dependentes da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional leven a cabo actuacións para implementar proxectos de innovación educativa que desenvolvan propostas e actividades que permitan conectar o marco teórico no que esta se fundamenta coa realidade dos centros de ensino. Estes proxectos encamiñaranse cara á adquisición e cara á mellora de competencias clave para o alumnado, como a comprensión lectora, a competencia matemática ou a competencia lingüística e tamén cara ao coñecemento doutras realidades culturais e mais á sostibilidade ambiental.

Apartado 2. Ámbito de aplicación

Poderán participar nesta convocatoria os seguintes centros educativos públicos dependentes:

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal



1. Escolas de educación infantil
2. Colexios rurais agrupados
3. Centros de educación infantil e primaria
4. Centros de educación primaria
5. Centros de educación especial
6. Centros públicos integrados
7. Institutos de educación secundaria
8. Centros públicos de educación e promoción de adultos.

O alumnado que poderá participar nesta convocatoria será todo aquel matriculado nos centros anteriormente citados, e as actividades poderanse desenvolver tanto en horario lectivo coma non lectivo.

Apartado 3. Proxecto e número de modalidades

Os centros deberán elaborar un proxecto que persiga a implantación de medidas innovadoras, cun marcado carácter experimental, dirixidas á mellora da experiencia educativa do alumnado. O proxecto basearase nun máximo de dúas das modalidades establecidas no apartado 5; desas dúas modalidades, unha pertencerá obrigatoriamente ao bloque 1 e a outra será de libre elección entre as tres restantes.

Apartado 4. Obxectivos dos proxectos presentados

O proxecto, en función das modalidades que o integren, deberá ter os seguintes obxectivos:

- 1) Fomentar o desenvolvemento de novos proxectos de innovación educativa, coa finalidade de impulsar a innovación nos procesos de aprendizaxe.
- 2) Propoñer a introdución de cambios innovadores na práctica docente ou na vida do centro para a mellora dos resultados académicos e dos procesos educativos do mesmo.



- 3) Desenvolver o razoamento científico e uso das novas tecnoloxías, facendo especial fincapé na competencia matemática.
- 4) Fomentar as alfabetizacións múltiples e mellorar a comprensión lectora do alumnado.
- 5) Promover accións de intercambio de experiencias de ámbito internacional a través de canles virtuais.
- 6) Capacitar o alumnado para desenvolver un comportamento responsable buscando a sostibilidade e a asimilación de valores a respecto do medio ambiente e da súa preservación e protección.
- 7) Impulsar procesos de reflexión do profesorado sobre a súa propia práctica educativa, fomentando nas persoas participantes unha capacidade de reflexión crítica que lles permita analizar o seu propio contexto e realidade cotiá con propósito de mellora.
- 8) Desenvolver novas habilidades, destrezas e competencias que lle permitan ao alumnado facer uso de novas aplicacións e ferramentas, así como afrontar problemas futuros.

Apartado 5. Modalidades do proxecto

O proxecto poderá desenvolver ata un máximo de dúas das modalidades que se relacionan a continuación, considerando as necesidades e os intereses do alumnado e dos centros educativos solicitantes. Obrigatoriamente, unha das modalidades deberá pertencer o bloque 1 da seguinte táboa:

Bloque 1		Bloque 2	
Mat-Lab	Leo-Lab	Inter-Lab	Sosti-Lab

1. Mat-Lab: *O centro educativo como promotor do razoamento científico e do uso das novas tecnoloxías, con especial fincapé na competencia matemática*

1.1. Descrición da modalidade

Esta modalidade busca fomentar o pensamento crítico e o razoamento científico, a

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal



creatividade e a resolución de problemas a través de proxectos interdisciplinarios e actividades prácticas para desenvolver especialmente a competencia matemática. Así, os e as estudantes teñen a oportunidade de traballar en proxectos colaborativos que aborden desafíos do mundo real, promovendo tanto a aprendizaxe teórica coma a súa aplicación práctica. Ademais, o proxecto Mat-Lab pon énfase o uso de tecnoloxías emerxentes e de ferramentas dixitais para mellorar a experiencia educativa e preparar os estudantes para un futuro nun mundo cada vez máis tecnolóxico e interconectado.

1.2. Obxectivos

- a) Promover dinámicas para a mellora da competencia matemática do alumnado dende un punto de partida innovador e cun marcado carácter experimental a través de actividades, obradoiros, etc.
- b) Desenvolver e aplicar a perspectiva e o razoamento matemático co fin de resolver problemas diversos en diferentes contextos.
- c) Ofrecerlle ao alumnado metodoloxías didácticas diversificadas e activas para garantir o desenvolvemento máximo do seu potencial e a personalización da aprendizaxe nun mundo tecnolóxico e dixital.
- d) Comprender o mundo utilizando os métodos científicos, o pensamento e representación matemática, a tecnoloxía, os métodos da enxeñaría e mais a reflexión humanística para transformar a contorna de forma comprometida, responsable e sostible.

2. Leo-Lab: *O centro educativo como promotor da mellora da comprensión lectora da comunidade escolar.*

2.1. Descrición da modalidade

A comprensión lectora é a competencia básica do alumnado, e a súa consecución debe ser unha das máximas prioridades do sistema educativo actual; polo tanto, resulta imprescindible recoñecer o papel da lectura como unha das portas de inclusión á vida social e cultural ás que todas as persoas deben acceder logo de teren superadas as diferentes etapas educativas. Leo-Lab procura impulsar unha serie de actuacións destinadas a favorecer máis e mellores experiencias de lectura para todas as persoas integrantes da comunidade escolar.

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal



Así mesmo, búscase promover a evolución dos plans de lectura nos centros como recursos para a planificación de iniciativas a prol da lectura, da escritura e dos multialfabetismos en relación estreita coas áreas e materias do currículo escolar.

2.2. Obxectivos

- a) Promover actividades innovadoras e integrar ferramentas tecnolóxicas para mellorar a comprensión lectora do alumnado.
- b) Fomentar a investigación docente sobre a lectura como alfabetización múltiple e o traballo coa ficción dixital para identificar e aplicar as prácticas educativas máis efectivas.
- c) Fomentar o tratamento da información a través do traballo con textos tanto de ficción coma de non ficción.
- d) Involucrar a comunidade educativa na promoción da lectura, reforzando iniciativas para sectores menos predispostos e incentivando a participación das familias.

3. Inter-Lab: *O centro educativo como promotor da competencia en comunicación lingüística, da competencia plurilingüe e da internacionalización do seu alumnado.*

3.1. Descrición da modalidade

A competencia en comunicación lingüística é o fundamento para o pensamento propio e para a construción do coñecemento. Esta competencia iníciase coa lingua materna e complementábase coa aprendizaxe doutras linguas ambientais e estranxeiras, sendo un medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural. Por outra banda, tal e como recolle a Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras Edulingüe 2030, "As mobilidades e intercambios de alumnado e de profesorado inciden directamente na mellora da súa competencia comunicativa, ao tempo que favorecen a internacionalización do sistema educativo." Deste xeito, o incremento na oferta de mobilidades e intercambios semella unha vía de acadar esta mellora.

Esta modalidade trata de favorecer, por unha banda, o contacto dos centros educativos galegos con centros educativos de Europa, o que implica alumnado e profesorado e permite fomentar un maior interese por outras culturas e realidades; e, por outra banda, a promoción de actividades ou proxectos centrados no coñecemento e uso por parte do alumnado das

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal



distintas linguas, orais ou signadas.

3.2. Obxectivos

- a) Promover proxectos que impliquen o alumnado nos que o emprego das linguas sexa o eixe principal, cunha duración mínima dun curso escolar. Priorizaranse aqueles proxectos que impliquen alumnado de diferentes niveis.
- b) Favorecer iniciativas dos centros educativos no eido da internacionalización que lles ofrezan oportunidades tanto ao alumnado coma ao persoal docente para ampliaren o seu dominio lingüístico e o coñecemento doutras culturas.
- c) Establecer redes de traballo internacionais que integren a Educación para o Desenvolvemento Sostible e a Cidadanía Mundial.
- d) Favorecer os intercambios virtuais entre alumnado de distintos centros educativos galegos ou doutros países, cunha duración mínima dun curso escolar.

4. Sosti-Lab: O centro educativo comprometido cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS).

4.1. Descrición da modalidade

A transición ecolóxica constitúe un dos núcleos centrais da Estratexia Galega de Cambio Climático e Enerxía 2050 e doutros organismos internacionais, tal como se recolle nos Obxectivos do Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030 da ONU para os vindeiros anos. A transformación cara a unha economía sostible dende o punto de vista ambiental, circular e climaticamente neutra ten un carácter transversal, polo que depende do compromiso de todos os colectivos da sociedade. Neste sentido, débese garantir que todo o alumnado adquira os coñecementos teóricos e prácticos necesarios para promover o desenvolvemento sostible e, paralelamente, fomentar a sensibilización, a concienciación e a educación de calidade, xa que son fundamentais de cara a formar unha cidadanía que participe activamente para afrontar o cambio climático e garantir un desenvolvemento sostible.

Esta modalidade consistirá nun conxunto de medidas organizativas e metodolóxicas ou de actividades deseñadas para que os centros educativos evolucionen cara a un funcionamento ambientalmente responsable e desenvolvan unha educación práctica para o desenvolvemento sostible, que impulse a concienciación e a adquisición de hábitos no alumnado, encamiñados a construír unha sociedade futura próspera, ambientalmente sostible e comprometida contra o



cambio climático.

4.2. Obxectivos

- a) Poñer en práctica conceptos educativos sobre desenvolvemento sostible e cambio climático, a fin de capacitar o alumnado para adquirir un comportamento ambientalmente responsable.
- b) Familiarizar o alumnado coas fontes de enerxía sostibles e non contaminantes, imprescindibles para combater o cambio climático e que proporcionan beneficios de carácter económico e medioambiental.
- c) Contribuír, dende os centros educativos, a lograr que as cidades, vilas e aldeas sexan espazos inclusivos, seguros, resilientes e sostibles, atendendo especialmente á calidade do aire e mais á xestión de residuos para intentar reducir o seu impacto negativo, minimizar posibles desastres e protexer o patrimonio cultural e natural.
- d) Concienciar o alumnado sobre a necesidade de conservar e protexer os ecosistemas tanto mariños coma terrestres, reducindo a contaminación, restaurando os ecosistemas danados, evitando a perda de diversidade biolóxica ou promovendo unha xestión sostible dos recursos que nos proporcionan.
- e) Fomentar o traballo en rede xunto a outras institucións ou centros educativos que estean a desenvolver proxectos centrados na sostibilidade e na educación contra o cambio climático, e que sexan referentes de boas prácticas neste eido.

Apartado 6. Elaboración do proxecto e requisitos

1. Ao abeiro do apartado 3, o proxecto que elabore o centro en materia de innovación educativa concretará as medidas, actividades e accións que se pretenden desenvolver nas modalidades que se establecen no apartado 5, e identificará para cada unha delas os seguintes aspectos:

a) Introducción

Xustificación da necesidade de poñer en marcha o proxecto.

b) Obxectivos

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal



Neste apartado estableceranse os obxectivos que se pretenden acadar ao finalizar o curso, logo de aplicar as propostas recollidas no proxecto.

c) Indicadores de logro

O centro deberá establecer uns indicadores de logro do proxecto, obxectivos e medibles, que permitan comprobar os avances acadados ao finalizar o curso. Estes indicadores serán a meta a alcanzar, de tal xeito que fagan posible verificar o grao de consecución de cada un dos obxectivos.

2. O proxecto de innovación concretará os seguintes aspectos para cada unha das modalidades nas que participe daquelas establecidas no apartado 5:

- a) Medidas a desenvolver na modalidade.
- b) Número de alumnado ao que vai destinado.
- c) Grupos que van participar.
- d) Horario e a temporización das accións a desenvolver.
- e) Orzamento.
- f) Indicadores de logro.
- g) Compromisos adquiridos polos participantes (centro, profesorado, axentes sociais, outras administracións, etc.) ao abeiro do proxecto.
- h) Número de profesorado implicado.

3. Será responsabilidade da dirección do centro o cumprimento do proxecto concedido nas modalidades nas que se participe, así como a difusión do seu desenvolvemento entre a comunidade educativa.

Apartado 7. Compromisos de carácter xeral

O centro educativo co que se acorde o desenvolvemento dun proxecto, ademais de asumir os compromisos derivados das modalidades que constan nel, deberá asumir tamén os seguintes:



1. Realizar un seguimento periódico das modalidades previstas no proxecto, cando menos con carácter trimestral, e reflectir documentalmente nunha acta as circunstancias e os resultados acadados. Nestas sesións de seguimento deberá participar polo menos unha persoa do equipo directivo e unha persoa participante en cada unha das modalidades do Innova-Lab.
2. Recollerase a planificación e avaliación do programa Innova-Lab na Programación Xeral Anual (PXA), así como na memoria final. No caso de que a PXA xa estivese aprobada, deberáselle engadir a esta unha modificación ou addenda que recolla a participación do centro en cada unha das modalidades concedidas.
3. O equipo directivo e mais o persoal docente implicado terán que participar nas actividades de formación e/ou difusión que se planifiquen tanto dende o centro como dende a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional.

Apartado 8. Actuacións de carácter xeral da administración educativa

A administración educativa, na procura da mellora do sistema educativo, desenvolverá nos centros cos que acorde a implantación dos previstos nesta resolución actuacións como as que seguen:

1. Apoios por parte da administración educativa.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional daralles apoio específico aos centros educativos que desenvolvan algunha das modalidades previstas nesta Resolución, polo menos, nos seguintes aspectos:

- a) Asesoramento a través dos servizos de inspección educativa de acordo coa planificación que estableza a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
- b) Asesoramento e asistencia da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa.
- c) Potenciación do traballo en rede dos centros educativos para o intercambio de coñecementos e experiencias.

2. Difusión das boas prácticas que se desenvolvan nos centros educativos.

As boas prácticas identificadas no desenvolvemento dos proxectos poderán ser divulgadas, en



colaboración cos propios centros educativos implicados, co fin de que estes constitúan modelos de referencia na organización e na xestión.

3. Recursos.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, dentro das súas dispoñibilidades orzamentarias, poderá dotar os centros cunha asignación orzamentaria.

De ser o caso, as actividades e medidas propostas en Innova-Lab que coincidan coas desenvolvidas por medio doutros programas promovidos por esta consellería non poderán ser obxecto de financiamento adicional.

Apartado 9. Proceso e prazo de solicitude

1. Todo o procedemento de solicitude realizarase a través da aplicación informática <https://www.edu.xunta.gal/programaseducativos/>.

Previamente á presentación da solicitude do Innova-Lab, a dirección do centro deberá informar o Claustro de Profesorado e contar coa aprobación do Consello Escolar, de acordo coas súas competencias.

A persoa responsable da dirección do centro, ou persoa autorizada, será quen teña o permiso de creación e presentación da solicitude. O documento que recolla o proxecto terá que ser cuberto na aplicación de Innova-Lab no prazo establecido a tal efecto, e non se terá que remitir por ningunha vía adicional.

2. Unha vez presentado o proxecto a través da solicitude, esta examínase para comprobar se reúne os requisitos esixidos. En caso contrario, poderáselle requirir ao solicitante que emende ou complete os datos que falten co fin de axustar a solicitude aos requirimentos da convocatoria.

3. Os centros educativos presentarán un proxecto que contemple, como máximo, a participación en dúas das modalidades recollidas no apartado 5 da presente resolución.

4. O prazo de presentación de solicitudes e do proxecto comeza o día seguinte ao da publicación desta resolución e remata o 13 de novembro de 2024, ambos os dous incluídos.



Apartado 10. Criterios de selección dos proxectos

Os centros beneficiarios dun proxecto Innova-Lab serán seleccionados conforme aos seguintes criterios:

- a) A concreción e viabilidade dos obxectivos que se pretenden acadar, das accións previstas e do proceso de avaliación.
- b) Que o proxecto estea articulado a través dunha serie de medidas coherentes que respondan de xeito específico ás necesidades detectadas.
- c) A calidade do proxecto presentado para a participación no Innova-Lab, así como que cumpra cos requisitos da convocatoria.

Apartado 11. Comisión de selección

1. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional realizará a selección dos proxectos mediante unha comisión de selección que estará formada por:

Presidencia: persoa titular da Xefatura do Servizo de Innovación e Programas Educativos, ou persoa en quen delegue

Vogais:

- Persoa titular da Subdirección Xeral de Inspección e Avaliación do Sistema Educativo, ou persoa en quen delegue.
- Persoas titulares das xefaturas do Servizo Territorial de Inspección Educativa, ou persoas nas que deleguen.
- Dúas persoas asesoras da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, unha das cales realizará as funcións de secretaría.

2. A comisión poderá dispoñer a constitución dunha comisión técnica, integrada por persoas asesoras da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, para efectos de elaboración de informes e avaliación dos proxectos presentados.

3. A percepción de asistencias destas comisións atenderá a categoría correspondente segundo o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.



Apartado 12. Procedemento de selección dos proxectos

1. A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, á vista dos proxectos presentados polos centros, seleccionará aqueles que, respondendo aos requisitos establecidos nesta convocatoria, sexan viables na súa execución e no marco dos recursos dispoñibles.
2. A comisión de selección concretará cos centros educativos todos aqueles aspectos dos proxectos seleccionados.

Apartado 13. Resolución

1. Unha vez rematado o procedemento de selección dos proxectos e realizada a concreción dos Innova-Lab, a comisión fará pública a resolución provisional, que se difundirá no Portal Educativo (<http://www.edu.xunta.gal/portal>) e no apartado *Documentación* da páxina web de Innova-Lab (<http://www.edu.xunta.gal/portal/innovalab>).
2. A publicación da resolución provisional abrirá un prazo de cinco días hábiles para efectuar reclamacións ou renuncias, dirixidas á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que deberán presentarse obrigatoriamente por medios electrónicos na Sede Electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>) a través do formulario correspondente ao procedemento de presentación electrónica de solicitudes, escritos e comunicacións que non contén cun sistema electrónico específico nin cun modelo electrónico normalizado (código PR004A) que se deberá identificar coa denominación "Innova-Lab", xunto coa documentación complementaria. Para a presentación das reclamacións ou renuncias poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

Transcorrido este prazo, unha vez estudadas e, se é o caso, atendidas as mencionadas reclamacións ou renuncias, a comisión seleccionadora elevaralle a proposta definitiva á persoa titular da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, que resolverá a relación final dos plans seleccionados.

3. A resolución definitiva dos centros seleccionados publicarase no Portal Educativo
[Edificio Administrativo](#)
[San Caetano, s/n](#)
[15781 Santiago de Compostela](#)
www.edu.xunta.gal



(<http://www.edu.xunta.gal/portal>) e no apartado *Documentación* da páxina web de Innova-Lab (<http://www.edu.xunta.gal/portal/innovalab>).

4. Contra a resolución definitiva de centros seleccionados poderase interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación da devandita resolución no Portal Educativo, de acordo co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente interpoñer recurso contencioso administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

5. O prazo máximo para resolver este procedemento será de tres meses. Se transcorrese o citado prazo sen que recaese resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Apartado 14. Seguimento e avaliación do Innova-Lab

1. O equipo directivo do centro supervisará o desenvolvemento do proxecto conforme ao proceso de seguimento e avaliación establecido no apartado 7.1 e dará conta aos órganos de participación e goberno, aos pais, nais ou titores/as legais, así como ás institucións que participan nel.

2. A inspección educativa realizará ao longo de cada curso académico, de acordo coa planificación que estableza a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, o seguimento e a avaliación das diferentes modalidades previstas no proxecto e deberá informar a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, no caso de que lle sexa solicitado.

3. A avaliación do proxecto realizada polo centro educativo reflectirase nunha memoria final de realización obrigatoria que, ademais de servir para dar conta ante a comunidade educativa, se porá a disposición da comisión de seguimento do acordo e se incluírá, así mesmo, na memoria anual do centro. Esta memoria cubrirase directamente na aplicación de Innova-Lab no prazo establecido ao efecto e recollerá as actuacións e os gastos, que se xustificarán



anexando as facturas correspondentes. Non será necesario enviar a memoria por ningún outro medio.

4. O centro educativo ten que certificar o valor conseguido nos indicadores que establece o acordo e achegar a documentación que lle sexa requirida pola comisión de seguimento.

Apartado 15. Certificación de participación

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional e certificará, cumpridos os requisitos establecidos na convocatoria, a participación activa e documentada do profesorado do centro directamente implicado no proxecto como actividade de innovación educativa con 20 horas de formación do profesorado. Emitirase unha única certificación por docente, independentemente do número de modalidades nas que participe e do rol que desempeñe nelas.

Será indispensable, ademais, ter participado cando menos no 80% do proxecto, así como estar rexistrado na aplicación informática antes do 17 de xaneiro de 2025.

Non se aceptará ningunha modificación do profesorado participante nos proxectos admitidos solicitada con posterioridade a esa data.

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional difundirá, se procede, as boas prácticas derivadas da aplicación dos proxectos en función dos resultados do seu seguimento e avaliación.

Apartado 16. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e a actualización da información e contidos da carpeta do cidadán.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme á normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias

Edificio Administrativo
San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
www.edu.xunta.gal



recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explícita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existiren diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais

En Santiago de Compostela

Judith Fernández Novoa

Directora xeral de Ordenación e Innovación Educativa

